



VI Control Pista Cuberta S.G. Pontevedra – C.A. Sada

Lugar e Data: Vigo (IFEVI) xoves 26 de decembro de 2024

Organiza: Sociedad Gimnástica de Pontevedra e Club Atletismo Sada

Control Técnico: Comité Galego de Xuíces da FGA

REGULAMENTO **modificado**

1) Horario:

HOMES		Límite Particip.	HORA	Límite Particip.	MULLERES	
Pértega B Lonxitude	S16 en adiante S16 en adiante	6 13	17:00	16 6	S16 en adiante S16 en adiante	Peso Pértega B
			17:20	18	S16 - S18	60 m.v. 0,76
			17:35	2	S20 en adiante	60 m.v. 0,84
60 v 0,91	S16	10	17:40			
60 v 0,91	S18	3	17:50			
60 v	S20-Abs-M40-45	4	17:55			
Peso	S16 en adiante	16	18:10	52	S16 en adiante	60 m.l. Semifinal
			18:15			
			18:20	16	S16 en adiante	Lonxitude
60 m.l. Semifinal	S16 en adiante	47	18:55			
Pértega A	S16 en adiante	6	19:00	6	S16 en adiante	Pértega A
Altura	S16 en adiante	8	19:10	8	S16 en adiante	Altura
			19:35	18	S16 en adiante	60 m.l. Final A-B-C
Triplo	S16 en adiante	7	19:45	7	S16 en adiante	Triplo
60 m.l. Final A-B-C	S16 en adiante	18	19:55			
60 v Final	S20-Abs-M40-45	4	20:10			
60 v 0,91 Final	S18	3	20:15			
60 v 0,91 Final	S16	6	20:20			
			20:25	6	S20 en adiante	60 m.v. 0,84 Final
			20:30	12	S16 - S18	60 m.v. 0,76 Final A-B

- A inscrición terá un custo de 4€ por atleta participante. O abono realizarase na recollida do dorsal polo encargado do club correspondente.
- O máximo de probas permitidas é de 2 por participante. Atletas dos clubs organizadores poderán tomar parte nunha 3ª proba sempre e cando esta sexa unha carreira.
- Na proba de lonxitude a táboa a estará situada a 3 m.
- As persoas participantes en lonxitude e peso terán 3 intentos máis 3 de mellora para as 8 mellores, non se fará cambio de orde.
- Na proba de triplo as táboas serán de 7, 9 e 11 metros, todos disporán de 4 intentos.



- 7) A pértega A farase coas mellores marcas inscritas e a B cos restantes. As persoas admitidas serán ao 50% de cada xénero (12 e 12), pero o reparto na A ou B será en función da marca da persoa participante.
- 8) Cadencias:
 - Altura: 1,30 – 1,35 – 1,40 – 1,44 – 1,48 – 1,52 e de 3 en 3 cm.
 - Pértega B: 1,80 – 2,00 – 2,20 e de 15 en 15 cm. ata 2,95 e de 10 en 10 cm.
 - Pértega A: 2,70 – 2,90 e de 15 en 15 cm ata 3,80 e de 10 en 10 cm.
- 9) Pasarán ás finais de 60 m.l. os 18 mellores tempos das semifinais de 60 m.l.
- 10) O horario poderá sufrir modificacións en función dos inscritos/as.
- 11) Inscricións: ata as 22:00 horas do sábado 21 de decembro de 2024 pola plataforma da RFEA.
- 12) Autorízase, aos atletas que cambian de categoría na seguinte tempada, a participar coas distancias, medidas e artefactos autorizados da categoría inmediatamente superior.
- 13) No caso superar o límite de participantes, terán preferencia na admisión os atletas das entidades organizadoras. Seguidamente, atletas de clubs asociados e por último as mellores marcas da tempada 24 na proba correspondente (deberán indicarse na inscrición para poder telas en conta).
- 14) Poderase confirmar a participación e recoller o dorsal, ata 50' antes do comezo de cada proba. **Os dorsais serán recollidos por un responsable de cada club que deberá abonar en efectivo a totalidade das inscricións dos dorsais que recolla. NON SE ENTREGARÁN DORSAIS INDIVIDUALMENTE.**
- 15) Os/As atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización. Esta non facilitará imperdibles.
- 16) Reclamacións: Segundo manual da W.A.
- 17) A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que poidan producirse con motivo da disputa desta competición.